

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI010	Lingua estranxeira profesional II - Inglés	2023/2024	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LUCÍA GARCÍA GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Química e Saúde Ambiental en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos
CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional

Criterios de avaliación do currículo
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados
CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego
CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas
CA1.3 Comprenderonse mensaxes de saúde, presentación e despedida, e identificáronse as pautas de cortesía asociadas
CA1.4 Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira

Crterios de avaliación do currículo

CA1.5 Interpreouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional

CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral

CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas

CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas

CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais

CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación

CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias

CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe

CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas

CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade

CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional

CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

BC1 . Análise de mensaxes orais.

Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás.

- mensaxes directas



-terminoloxía específica do ámbito da química ambiental.

- Vocabulario específico.

- identificación de ideas principais e secundarias.

-Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicions, descripción de procesos científicos utilizando el presente simple y la voz pasiva en inglés (presente y pasado); open-closed questions, comparativos y superlativos, oraciones de relativo, verbos modales, oraciones condicionales.

- Otros recursos lingüísticos. Hipóteses e especulacions, opinións e consellos, persuasión e advertencia. Imperativo.

BC2. Interpretación de mensaxes escritos

Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiáns.

- Terminoloxía específica do sector da química medioambiental.

-Identificación de ideas principais e secundarias.

-Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, resultado.

-Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.

BC3 Producción de mensaxes orais

Mensaxes orais

- Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais.

- Terminoloxía específica del sector de química medioambiental.

-Recursos gramaticais e lingüísticos anteriormente mencionados.

BC4. Emisión de textos escritos.

Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiáns.

- Terminoloxía específica do ámbito da química medioambiental.

- Encontrar la idea principal y secundarias en textos científicos.

-Recursos gramaticais anteriormente mencionados.

-Relacións lóxicas.

- Cohesión y coherencia textual. Uso de conectores.
- Relacións temporais. Anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
- Expresión da causa, consecuencia e finalidade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Proba escrita 50%

Proba oral 50%

A primeira parte da proba suporá na realización dun exame teórico sobre os contidos conceptuais do módulo. Consistente nunha batería de preguntas curtas e/ou tipo test.

Esta primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e cualificarase de 0-10 puntos. Para a súa superación, os candidatos deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Superada a primeira proba procederase a realizar a segunda proba que se cualificará de 0-10 e na que se deberá obter un mínimo de 5 puntos. Consistirá en dúas partes: unha audición e unha interacción oral co examinador que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A nota final será a media das dúas probas. O apto acadase co 5 puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba escrita constará de tres partes:

1.1- Proba tipo test sobre contidos gramaticais e de vocabulario específico do ámbito da química medioambiental. Resposta múltiple.

1.2- Texto escrito con preguntas de verdadeiro/falso ou resposta múltiple.

1.3- Expresión escrita: redacción dun texto de opinión sobre un tema relacionado coa saúde medioambiental.



4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte constará de dos probas:

- Proba de comprensión oral . Os candidatos terán que escoitar unha audición en lingua inglesa e contestar a una serie de cuestións con variedade de respostas (verdadeiro/ falso ; encher ocos ou resposta múltiple).

-Proba de expresión oral. Interacción co examinador en lingua inglesa sobre un tema relativo o ámbito de química medioambiental. O tema do que deberá fallar o candidato será ilustrado con imáxenes.

O alumno terá que describir, opinar e argumentar. Tamén interactuar co examinador que poderá facer algunhas preguntas.

Os temas estarán relacionados coa saúde medioambiental: contaminación, cambio climático, enerxías renovables, deforestación, superpoblación, reciclaxe, xestión de residuos, etc